



NORMATIVA XERAL RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobada polo Consello de Goberno do 23 de xullo de 2019

A Universidade da Coruña (UDC) aproba esta normativa para cumprir as previsións legais en materia de protección de datos persoais, conforme ao previsto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

1. Tratamento dos datos persoais na Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña será a responsable de calquera tratamento de datos persoais que realice o seu persoal no exercicio das súas funcións, agás nos casos en que a Universidade actúe como encargada do tratamento por mor dun contrato e/ou normativa aplicable, en que se designa especificamente como tal a Secretaría Xeral, sen prexuízo de que no Rexistro de actividades de tratamento se identifique o servizo ou unidade onde se leve a cabo unha determinada actividade de tratamento.

Segundo o establecido no artigo 6 do RXPd e nos artigos 6 e 8 da LOPD, os datos persoais poden ser tratados pola Universidade da Coruña sempre que a persoa interesada dera o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para un ou varios fins específicos, ou se o tratamento resulta necesario por algúns dos seguintes motivos:

- Para executar un contrato en que a persoa interesada é parte.
- Para cumprir unha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
- Para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física.
- Para cumprir unha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á UDC.
- Para satisfacer intereses lexítimos da UDC, sempre que sobre eles non prevalezan os intereses ou os dereitos e liberdades fundamentais da persoa interesada que requiran a protección de datos persoais.

A Universidade da Coruña terá un/ha delegado/a de protección de datos, que exercerá as funcións de asesoramento, supervisión e promoción da tutela dos datos persoais que lle asignan o RXPd e a LOPD.

A Universidade da Coruña poderá necesitar a intervención de terceiros para prestar determinados servizos que impliquen o tratamento de datos persoais, que terán a condición de encargados do tratamento de tales datos. Este tratamento dos datos persoais realizado polo encargado por conta do responsable, esixirá a formalización dun contrato de encargo de tratamento dos datos persoais, formalizado de acordo co que prevé esta normativa.



2. O Rexistro de actividades de tratamento

A UDC ten a obriga, segundo o artigo 30 do RXDP e o artigo 31 da LOPD, de elaborar un Rexistro de actividades de tratamento, que será accesible publicamente a través da súa páxina web. Trátase dun documento que sistematiza as diversas categorías de tratamento dos datos persoais que se levan a cabo no ámbito da UDC, coa finalidade de garantir os dereitos das persoas afectados e de deseñar medidas de seguridade para a protección destes datos. Pola súa propia natureza, o Rexistro evoluciona e pode ser modificado continuamente, en función dos distintos tratamentos que vaia levando a cabo a UDC. O modelo de sistematización das distintas actividades de tratamento no Rexistro é o que figura no anexo I apartado A) desta normativa.

Os responsables dos distintos órganos, servizos e unidades administrativas da UDC deben velar polo cumprimento da normativa de protección dos datos persoais no seu ámbito de actuación e, particularmente en relación coa vixencia deste Rexistro, deberanlle comunicar á Secretaría Xeral calquera nova actividade de tratamento que comecen a levar a cabo no exercicio das súas funcións.

3. Dereito de información ás persoas interesadas

Segundo esixen os artigos 13 e 14 do RXPD e o artigo 11 da LOPD, cada persoa debe recibir información no momento en que se recollan os seus datos persoais ou no momento da primeira comunicación con ela e/ou no prazo máximo dun mes, salvo excepción legal aplicable. Para cumprir este dereito, o citado artigo 11 da LOPD e a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) establecen un formato con dúas capas para unha mellor sistematización e accesibilidade da información, segundo o seguinte esquema:

- Información básica sobre protección de datos persoais (primeira capa): identificación do responsable do tratamento dos datos persoais; finalidade do tratamento dos datos; fundamento lexitimador do tratamento; posibles destinatarios dos datos á parte do responsable do tratamento; mención da posibilidade de exercer determinados dereitos en relación cos datos, segundo recoñecen o RXPD e a LOPD e, no caso de non se obter os datos da persoa interesada, informarase tamén das categorías de datos obxecto de tratamento e das fontes das que procederan os datos.
- Información adicional sobre protección de datos persoais (segunda capa): datos de contacto do responsable do tratamento; precisión da finalidade do tratamento, se resulta necesario, e fixación do prazo ou criterios de conservación dos datos; de resultar necesario, precisión da lexitimación que fundamenta a actividade de tratamento; posible precisión dos encargados do tratamento ou dos cesionarios dos datos, e tamén de transferencias internacionais de datos; precisión dos dereitos que se poden exercer (dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición ao tratamento, e dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís), e indicación das formas de os exercer e da forma de contactar co responsable do tratamento e co delegado de protección de datos.



Cada vez que desde a UDC se soliciten datos persoais, o formulario de solicitude deberá incluír esta información. O modelo básico para cumprir con este dereito de información ás persoas interesadas é o que figura no anexo II desta normativa. Este modelo está incorporado aos formularios integrados na Sede Electrónica da UDC; en todo caso, calquera solicitude dos datos persoais, efectuada por persoal da UDC con calquera finalidade, debe incorporar esta información destinada ás persoas afectadas. Para cumprir esta obriga, o persoal da UDC que elabore calquera nova modalidade de formulario destinado a recoller e posteriormente tratar datos persoais, deberá garantir a precisión desta información, para o que lle solicitará, se fose necesario, a revisión das cláusulas do formulario á/ao Delegada/o de protección de datos.

4. Consentimento das persoas interesadas para o tratamento dos seus datos persoais

Cando o tratamento dos datos persoais se fundamente no consentimento da persoa interesada, este debe constar de forma expresa, e a UDC como responsable do tratamento debe estar en condicións de demostrar que existe ese consentimento. Por este motivo, o consentimento débese expresar sempre por escrito, sexa en soporte físico ou electrónico (documentos, correos electrónicos ou formularios en liña). No caso de que o consentimento se requira para finalidades distintas, debe constar claramente e de forma separada o consentimento expreso da persoa interesada para cada unha desas finalidades, de ser o caso, mediante cuadrículas previamente desmarcadas e que deberá marcar a persoa interesada se quere prestar o citado consentimento. No Anexo III desta Normativa inclúese un modelo de solicitude de consentimento da persoa que cede datos á UDC, de aplicación para actos ou eventos concretos desenvolvidos no ámbito da UDC (incluíndo a solicitude de tratamento da imaxe e da voz), ou para calquera solicitude de datos de carácter persoal.

5. Procedemento para o exercicio dos dereitos recoñecidos na LOPD ás persoas interesadas

As persoas cuxos datos sexan obxecto de tratamento por parte da UDC poden exercer os dereitos recoñecidos no RXPd e na LOPD. Estes dereitos son os seguintes:

- **Acceso:** dereito a obter do responsable do tratamento a confirmación de se os seus datos están a ser tratados e, en tal caso, o dereito a obter a seguinte información: fins do tratamento; categorías dos datos persoais tratados; destinatarios a quen se lles poden comunicar os datos persoais; prazo ou criterios previstos de conservación dos datos; existencia dos dereitos de rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición; existencia do dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control (AEPD); cando os datos persoais non foran obtidos do interesado, calquera información sobre a súa orixe; posible existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.



- Rectificación: dereito a obter do responsable do tratamento a rectificación ou corrección dos datos persoais inexactos ou incompletos.
- Supresión: dereito a obter do responsable do tratamento a supresión dos datos persoais, o cal resultará obrigatorio para o responsable cando concorra algunha das circunstancias seguintes: os datos persoais xa non son necesarios en relación cos fins para os que foron recollidos; o interesado retira o consentimento cando constituía a base xurídica lexitimadora do tratamento; o interesado exerce o dereito de oposición ao tratamento e non prevalecen outros motivos lexitimos para o tratamento; os datos persoais foron tratados ilícitamente; os datos persoais débense suprimir para cumprir unha obriga legal; ou os datos persoais obtivéronse en relación coa oferta de servizos da sociedade da información. Esta supresión non será procedente cando o tratamento dos datos sexa necesario para os fins previstos no apartado 3 do artigo 17 do RXPd.
- Limitación do tratamento: dereito a obter a limitación do tratamento dos datos cando se cumpra algunha das condicións seguintes: a persoa interesada impugna a exactitude dos datos persoais; o tratamento é ilícito e a persoa interesada decide solicitar a limitación do uso dos datos en lugar da súa supresión; o responsable xa non necesita os datos para os fins do tratamento, pero a persoa interesada necesítaos para o exercicio de reclamacións; ou a persoa interesada formulou a súa oposición ao tratamento dos datos, mentres se verifica se os motivos lexitimos do responsable prevalecen sobre os da persoa interesada.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos persoais facilitados ao responsable, nun formato estruturado, e a transmitirlos a outro responsable do tratamento, cando o tratamento está baseado no consentimento ou nun contrato; ou o tratamento se efectúa por medios automatizados. Este dereito non se aplicará ao tratamento necesario para cumprir unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
- Oposición: dereito a opoñerse a que os datos persoais sexan obxecto dun tratamento baseado no disposto no artigo 6 do RXPd, apartado 1, letras e) ou f), é dicir, tratamento baseado en motivos de interese público, exercicio de poderes públicos, ou satisfacción dun interese lexitimo do responsable do tratamento. O responsable deixará de tratar os datos persoais, salvo que acredite motivos lexitimos imperiosos que prevalezan sobre os dereitos da persoa interesada, ou que os necesite para o exercicio de reclamacións.
- Non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís: dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado de datos, incluída a elaboración de perfís, a non ser que sexa necesario para executar un contrato entre o responsable e o interesado; estea autorizado por unha norma aplicable ao responsable, que ademais garanta os dereitos do interesado; ou exista consentimento explícito do interesado.

As formas de exercer estes dereitos son:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir nesta mesma Sede electrónica no apartado Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao Responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se



poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede ou nos rexistros presenciais da UDC.

- mediante unha solicitude ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta Sede ou nos rexistros presenciais da UDC.

O tratamento destas solicitudes será centralizado desde a Secretaría Xeral da UDC. A/o delegada/o de protección de datos avaliará a solicitude e poderalle reclamar ao solicitante as xustificacións de identidade ou relativas á situación descrita para poder propoñer unha solución motivada. A UDC, como responsable do tratamento, comunicarlle desde a Secretaría Xeral ao solicitante a resolución da súa solicitude. Atendendo ao artigo 12 do RXPDP, deberá ditarse a resolución no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude; este prazo poderá prorrogarse outros dous meses en caso de ser necesario, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

6. Contratos de encargo de tratamento de datos persoais

A Universidade da Coruña poderá necesitar a intervención de terceiros para prestar determinados servizos que impliquen o tratamento dos datos persoais, que terán a condición de encargados de tratamento deses datos. Este tratamento dos datos persoais realizado polo encargado por conta do responsable, esixirá a formalización dun contrato de encargo de tratamento dos datos persoais, tendo en conta o modelo do anexo IV desta normativa. Os responsables dos distintos órganos, servizos e unidades administrativas da UDC deberán velar polo cumprimento desta obriga cada vez que, no seu ámbito de actuación, se realice un encargo de tratamento a un terceiro alleo á Universidade.

Á súa vez, a Universidade pode desenvolver o papel de encargada do tratamento de datos persoais cando está tratando datos por conta dunha persoa física ou xurídica allea á institución. Neste caso, tamén se deberá asinar un contrato de encargo de tratamento segundo o modelo do anexo IV desta normativa. Os responsables dos distintos órganos, servizos e unidades administrativas da UDC deberán velar polo cumprimento desta obriga cada vez que, no seu ámbito de actuación, un terceiro lle realice un encargo de tratamento dos datos persoais á Universidade. Nestes casos, segundo esixe a LOPD, a Universidade como encargada do tratamento deberá elaborar un Rexistro de actividades de tratamento. O modelo de Rexistro figura no anexo I apartado B) desta normativa.

7. Cláusulas de protección de datos en convocatorias que tramite a Universidade da Coruña

Nas convocatorias de calquera tipo que tramite a Universidade da Coruña deberase incluír unha cláusula referida á protección de datos persoais. O modelo xeral, que se



deberá adaptar a cada finalidade de tratamento e ás peculiaridades da convocatoria, é o que figura no anexo V desta normativa. Os responsables dos distintos órganos, servizos e unidades administrativas da UDC deberán velar polo cumprimento desta obriga cada vez que, no seu ámbito de actuación, se elabore algún tipo de convocatoria. É recomendable a supervisión das cláusulas de protección de datos persoais por parte do/a Delegado/a de protección de datos, sempre que inclúan mencións específicas que se aparten do modelo indicado nesta normativa.

8. Cláusulas de protección de datos en convenios asinados pola Universidade da Coruña

Os diferentes tipos de convenios, tanto nacionais como internacionais, que asine a Universidade da Coruña terán unha cláusula referida á protección de datos persoais. En relación con cada convenio haberá que determinar se as dúas partes son responsables do tratamento dos datos, se son corresponsables do mesmo tratamento, ou se unha das partes é a responsable e a outra a encargada do tratamento.

No caso de que ambas as partes resulten corresponsables do tratamento dos datos, de acordo co artigo 26 do RXPDP, deberán determinar conxuntamente os obxectivos e os medios do tratamento e cumprir todas as previsións esixidas na normativa de protección de datos. O modelo de cláusulas de protección de datos persoais para incluír nos convenios é o que figura no anexo VI desta normativa, establecido para convenios con España e con países da Unión Europea e Liechtenstein, Islandia e Noruega, e para convenios declarados pola Comisión Europea como países con nivel adecuado en materia de protección de datos persoais¹. No caso de convenios con países non pertencentes á Unión Europea e non declarados asimilados nin adecuados pola Comisión Europea, os convenios só se poderán asinar se se respectan as cautelas previstas nos artigos 46 a 49 do RXPDP, fundamentadas esencialmente na existencia de mecanismos xurídicos de protección dos datos persoais e de tutela dos dereitos dos interesados.

No caso de que unha das partes sexa a responsable do tratamento e a outra teña a condición de encargada de tratamento, ademais de se asinar o convenio coas cláusulas indicadas no dito anexo VI, engadirase un contrato de encargo de tratamento de datos persoais, segundo o modelo previsto no anexo IV desta normativa.

9. Cláusulas de protección de datos en contratos formalizados pola Universidade da Coruña

No exercicio das súas actividades propias, a Universidade da Coruña pode formalizar contratos con persoas físicas ou xurídicas. En cumprimento das normas de protección de datos, deben incluírse cláusulas relativas a esta materia nos pregos de cláusulas

1 A páxina web da AEPD ten actualizada a listaxe destes países: <https://www.aepd.es/reglamento/cumplimiento/transferencias-internacionales.html>. No momento de se aprobar esta normativa, os países son: Suíza, Canadá, Arxentina, Guernsey, Illa de Man, Jersey, Illas Feroe, Andorra, Israel, Uruguai, Nova Celandia, Estados Unidos e Xapón.



particulares propios dos procedementos administrativos previos á formalización do contrato. Os modelos de cláusulas de protección de datos persoais nestes pregos son os que figuran no anexo VII desta normativa. O contrato finalmente asinado incluíra unha remisión a estas cláusulas de protección de datos presentes nos pregos de cláusulas particulares.

En calquera caso, no momento de formalizar calquera tipo de contrato entre a UDC e un terceiro que implique tratamento de datos persoais, asinarase tamén, de ser o caso, un contrato de encargo de tratamento dos datos persoais.

10. Identificación de persoas interesadas na publicación de actos administrativos

Co fin de cumprir o previsto na disposición adicional sétima da LOPD, cando sexa necesaria a publicación dun acto administrativo que inclúa datos persoais, identificarase a persoa interesada dunha destas dúas formas posibles: unicamente mediante nome e apelidos, ou alternativamente empregando nome e apelidos e tamén catro cifras aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente. Nesta última modalidade, cando a publicación veña referida a unha pluralidade de afectados, estas cifras aleatorias deberán alternarse.

En relación coa publicación das cualificacións de estudantes, e segundo a disposición adicional vixésimo primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, non será esixible o consentimento dos estudantes para publicar o resultado das probas necesarias para a súa avaliación. Atendendo ás recomendacións da AEPD, a forma de publicación preferente será mencionar unicamente o nome e os apelidos dos estudantes e engadir o DNI só no caso de coincidir o nome e os apelidos de dúas ou máis persoas, para aplicar o previsto na disposición adicional sétima da LOPD.

Para publicar os documentos que conteñan este tipo de datos, atenderase ao previsto no punto 14.5 desta normativa.

11. Conservación, destrución e retirada do acceso público dos datos persoais

A Universidade da Coruña conservará os datos de carácter persoal non máis tempo do necesario para os fins que determinaron a súa recollida e tratamento. Excepcións por fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica e fins estatísticos con base no establecido na lexislación estatal e autonómica.

Cando a Universidade da Coruña deba publicar un documento con datos persoais, deberán establecerse con carácter previo o prazo ou os criterios que determinarán o tempo en que ese documento será de acceso público, xa sexa en taboleiros físicos ou en Internet. Os prazos ou os criterios determinaranse na convocatoria previa, de ser o caso, ou internamente no servizo ou unidade correspondente.

12. Brechas de seguridade na protección dos datos persoais



Constitúe unha brecha de seguridade aquela violación da seguridade dos datos persoais que ocasione a súa destrución, perda ou alteración, ou a súa comunicación ou acceso non autorizados. No caso de existir unha brecha de seguridade, a Universidade da Coruña, como responsable do tratamento, comunicarllo á autoridade de control (a Axencia Española de Protección de Datos) segundo o previsto no artigo 33 do RXPd. Así mesmo, de se dar as circunstancias do artigo 34 do RXPd, tamén lles comunicará a brecha de seguridade ás persoas afectadas. No caso de que a Universidade da Coruña actúe como encargada do tratamento de datos persoais, notificaráselle a brecha de seguridade á entidade responsable do tratamento dos datos sen dilación indebida. A tipoloxía das brechas de seguridade e o procedemento para a súa notificación e xestión será obxecto dun Protocolo específico nesta materia.

13. Medidas de seguridade para a protección dos datos persoais

Segundo dispoñen o artigo 32 do RXPd e o artigo 28 da LOPD, no tratamento dos datos persoais será necesario implantar medidas técnicas e organizativas adecuadas que garantan a súa seguridade. De conformidade coa disposición adicional primeira da LOPD, a Universidade da Coruña aplicaralle ao tratamento de datos persoais as medidas de seguridade que correspondan dentro do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) no ámbito da Administración electrónica, regulado polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro. A implantación destas medidas será obxecto dun Protocolo específico dentro da Universidade da Coruña.

14. Deberes no manexo dos datos persoais e seguridade da información

Mentres non se desenvolva unha normativa específica que regule o tratamento da información, en execución da Política de seguridade da información e protección de datos persoais da UDC, indícanse a continuación as medidas de seguridade e os deberes xerais que nesta materia debe observar o persoal da UDC que manexe datos de carácter persoal.

14.1. Sobre a utilización da información no posto de traballo

- a) Non se deben deixar sobre a mesa documentos con datos persoais á vista de persoas non autorizadas.
- b) Nas ausencias do posto de traballo deberase bloquear o ordenador para evitar o seu uso por parte de persoas non autorizadas. En sistemas Windows o bloqueo pódese facer facilmente mediante a combinación de teclas Windows+L.
- c) Retíranse os documentos impresos o máis axiña posible e extremárase esta precaución no caso de utilizar impresoras situadas en lugares de acceso non restrinxido.
- d) Deberanse utilizar as destrutoras de papel para os documentos que conteñan datos persoais.

14.2. Sobre os mecanismos de autenticación en servizos e aplicacións



- a) Os contrasinais empregados para acceder ás aplicacións e aos servizos que proporciona a UDC son persoais, intransferibles e deben custodiarse de forma dilixente para evitar que sexan utilizadas por outras persoas. Lembre que ningún servizo da UDC lle pedirá xamais que facilite o seu contrasinal.
- b) Os contrasinais deberán cambiarse, polo menos, cada 12 meses.
- c) Co obxectivo de evitar a usurpación da identidade no acceso a sistemas de información e servizos que deban contar cunha protección especial, a UDC habilitará mecanismos adicionais, como a autenticación por múltiples vías ou factores.

14.3. Sobre a utilización dos servizos de información e servidores na nube

- a) Os únicos servizos na nube autorizados para uso profesional na UDC son os proporcionados por empresas que teñan asinado un contrato que inclúa as cláusulas necesarias para cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e de seguridade da información no ámbito das administracións públicas. Estes servizos estarán recollidos no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC, AxudaTIC (<https://axudatic.udc.gal>).

14.4. Sobre o uso do correo electrónico e de ferramentas informáticas

- a) A conta de correo institucional é o enderezo oficial que se usará para notificacións por correo electrónico.
- b) Cada usuario deberá comunicar unha conta de correo alternativa para os efectos de recuperación do contrasinal da conta da UDC en caso necesario.
- c) Habilitaranse mecanismos para evitar redireccións de correo a outros servidores alleos á UDC, salvo en situacións claramente xustificadas e sempre que os destinos cumpran coa lexislación vixente e a presente normativa.
- d) A titularidade das contas de correo propias dun cargo institucional é da UDC. A información relativa ao exercicio do cargo intercambiada a través deste tipo pertence á organización e, por tanto, está vinculada a ese cargo independentemente das persoas concretas que o desempeñen en cada momento.
- e) O envío de mensaxes xenéricas de difusión ou informativas a través de correo electrónico a unha pluralidade de destinatarios deberase facer de tal modo que cada destinatario non poida visualizar os enderezos dos demais, é dicir, farase o envío mediante o sistema de copia oculta.
- f) A UDC habilitará mecanismos contra o correo non desexado (Spam, Phishing, virus...)
- g) Cando o persoal da UDC reciba correos electrónicos de persoas interesadas solicitando documentos que conteñan os seus propios datos persoais, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir que tal correo electrónico é enviado pola propia persoa solicitante e que a información vai ser recibida por esta mesma persoa. Con este fin, recoméndase que o solicitante envíe no seu correo unha solicitude adxunta coa súa sinatura e algún documento que acredite a súa identidade. No momento de lle enviar a información requirida, se o enderezo de correo empregado polo solicitante non é o institucional da UDC, solicitarase previamente ao envío da documentación o



seu consentimento expreso para a recibir por vía do mesmo enderezo de correo en que se fixo a solicitude.

- h) Cando o persoal da UDC reciba por correo electrónico documentos de identificación ou outros que conteñan datos persoais aos meros efectos de comprobación da identidade do remitente dun correo electrónico, destruirá os arquivos adxuntos unha vez efectuada tal comprobación, sempre que a súa conservación non sexa necesaria para tramitar un expediente administrativo.

14.5. Publicación de documentos que conteñan datos persoais

A publicación de actas de calquera órgano colexiado dentro da UDC realizarase nas plataformas que para ese efecto habilite a UDC, cos controis axeitados de acceso, evitando a súa publicación en aberto en páxinas web. Estas plataformas serán as indicadas no portal AxudaTIC. Na mesma forma realizarase a publicación das listaxes de cualificacións dos estudantes; no caso de que non fose posible, e atendendo ás recomendacións da AEPD, estas listaxes poderanse publicar en taboleiros físicos de anuncios, sempre que non estean en zonas comúns dos centros e que se garanta a súa retirada tras un tempo determinado de exposición.

De acordo co artigo 5.1.e) do RXP, a publicación de calquera documento con datos persoais (v.gr. resolución de convocatorias) na Sede Electrónica da UDC ou en taboleiros físicos deberá ser por un tempo limitado, de forma que o seu acceso público só se poderá manter durante o tempo necesario para o tratamento dos datos persoais. Pasado ese prazo, o órgano ou persoa que ordenou a publicación debe asegurarse da retirada do documento, cando xa non sexa necesario o seu acceso público para os fins que xustificaron ese tratamento e a súa publicidade.

A publicación dos contratos menores formalizados dentro da UDC, de acordo co artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, contera os requisitos mínimos esixidos pola citada norma (obxecto, duración, importe de adjudicación e identidade do adjudicatario) e omitirase fóra destas esixencias legais a inclusión doutro tipo de datos persoais.

**ANEXO I: Modelo de información recollida no Rexistro de actividades de tratamento****A) Modelo para a UDC como responsable de tratamento**

ACTIVIDADE DE TRATAMENTO	Descrición xeral da actividade de tratamento de datos persoais
Responsable do tratamento	Designación da Universidade e do servizo ou unidade responsable directo dos datos
Finalidade	Descrición dos fins para os que se solicitan os datos
Categorías de datos	Tipo de datos específicos solicitados: p. ex. nomes e apelidos, DNI, correo electrónico, datos económicos, datos de saúde etc.
Lexitimación	Base xurídica que xustifica o tratamento dos datos por parte da UDC
Persoas interesadas	Persoas físicas cuxos datos son tratados por parte da UDC para esta finalidade concreta
Cesións de datos	Se é o caso, identificación de posibles destinatarios alleos á UDC, aos que se lles comunican os datos persoais das persoas interesadas
Transferencias internacionais de datos	Se é o caso, identificación das persoas destinatarias dos datos persoais en países fóra do ámbito de aplicación do RXPD
Período de conservación	Indicación do prazo ou dos criterios de conservación dos datos persoais recibidos das persoas interesadas
Medidas de seguridade	Medidas técnicas e organizativas de seguridade para a protección dos datos

B) *Modelo para a UDC como encargada de tratamento*

ACTIVIDADE DE TRATAMENTO	Descrición xeral da actividade de tratamento de datos persoais
Responsable do tratamento	Designación da entidade responsable dos datos
Encargado do tratamento	Designación da Universidade e do servizo ou unidade onde se tratan os datos
Finalidade	Descrición dos fins para os que se solicitan os datos
Categorías de datos	Tipo de datos específicos solicitados: p. ex. nomes e apelidos, DNI, correo electrónico, datos económicos, datos de saúde etc.
Responsable do tratamento	Identificación do responsable de tratamento dos datos persoais, que lle fai o encargo á UDC
Persoas interesadas	Persoas físicas cuxos datos son tratados por parte da UDC para esta finalidade concreta
Cesións de datos	Se é o caso, identificación de posibles destinatarios alleos á UDC, aos que se lles comunican os datos persoais das persoas interesadas
Transferencias internacionais de datos	Se é o caso, identificación das persoas destinatarias dos datos persoais en países fóra do ámbito de aplicación do RXP
Período de conservación	Indicación do prazo ou dos criterios de conservación dos datos persoais recibidos das persoas interesadas
Medidas de seguridade	Medidas técnicas e organizativas de seguridade para a protección dos datos



ANEXO II: Modelo de cumprimento do dereito de información das persoas interesadas na recollida de datos persoais

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable Universidade da Coruña

Finalidade *(Describe aquí os fins para os que se solicitan os datos persoais a través do formulario).*

Lexitimación *(Determine aquí a base xurídica que xustifica o tratamento dos datos persoais).*

Destinatarios *(Determine aquí se está prevista a cesión dos datos a terceiros ou a súa transferencia a terceiros países).*

Dereitos As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da Sede Electrónica da UDC (empregando o formulario específico en materia de protección de datos persoais, ou a través do Rexistro Electrónico da Sede) ou nos rexistros presenciais da UDC, para o que dirixirá a súa solicitude á Secretaría Xeral da UDC.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable

Os datos persoais recollidos serán responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC).

O responsable dos datos é a UDC (Secretaría Xeral). O seu enderezo postal é R/Maestranza 9, 15001, A Coruña; teléfono 981167000; e o correo electrónico rpd@udc.gal. Pode contactar co delegado de protección de datos no mesmo enderezo postal e teléfono, ou no correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, tamén poderá contactar co responsable do tratamento de datos ou co delegado de protección de datos se presenta un(s) escrito(s) a través do Rexistro Electrónico desta Sede ou dos rexistros presenciais da UDC. Pode obter máis información a este respecto, incluída a normativa vixente, en:

https://www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/

Finalidade



(Indique aquí de forma máis detallada, se resulta necesario, a finalidade para a que se tratan os datos. Débese indicar tamén aquí o prazo ou os criterios de conservación dos datos persoais, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e outros dereitos que recolle a LOPD).

Lexitimación

(Indique aquí con máis detalle, se resulta necesario, a base xurídica que xustifica o tratamento de datos persoais por parte da UDC. No caso de que a base de lexitimación sexa o consentimento do afectado, deberá ser informado de que pode revogar en calquera momento o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais).

Destinatarios

(Indique aquí, se é o caso, se os datos son cedidos a outros destinatarios, se se efectuarán contratos de encargo de tratamento, ou se se realizan transferencias internacionais de datos).

Dereitos

As persoas interesadas terán dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terán dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir nesta mesma Sede Electrónica no apartado de Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 de A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante unha solicitude ao Delegado de Protección de Datos, no mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO III: Modelo de documento para solicitar o consentimento do/a interesado/a

CONSENTIMIENTO PARA A OBTENCIÓN DE DATOS PERSOAIS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña, cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001 de A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.es.

Mediante a sinatura do presente documento, autorizo a Universidade da Coruña a *(precise aquí os datos concretos que serán obtidos da persoa interesada: gravación de imaxes e/ou voz, datos de contacto etc.), con motivo de (indique aquí para que actividade se precisan os datos: con motivo da participación nunha xornada etc.).*

Autorizo, así mesmo, a utilizar os datos tomados en... *(indique aquí o destino que se lles dará aos datos tomados: realización de enquisas, publicacións en Internet ou impresas, etc.), coa finalidade de (indique aquí a finalidade do tratamento: fins de divulgación universitaria, de realizar memorias de calidade etc.).*

(No caso de que se prevexa ceder os datos a terceiros, hai que incluír a seguinte cláusula e indicar, así mesmo, se chega a haber unha transferencia internacional de datos): Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios:...

(De ser o caso, indique se os datos serán usados para a adopción de decisións automatizadas baseadas en criterios diversos (p. ex. económicos, estatísticos, xeográficos, temporais, por palabras clave etc.), incluíndo a posible elaboración de perfís).

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante ... *(indique o prazo ou criterios de conservación).*

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir nesta mesma Sede electrónica no apartado de Outros trámites;



- mediante unha solicitude ao responsable de tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral) ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante unha solicitude ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático desta sede ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza:

Lugar e data:



ANEXO IV: Modelo de contrato de encargo de tratamento de datos persoais por parte da UDC a un terceiro

CONTRATO DE ENCARGO DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E

Reunidos na Coruña, (*data*)

POR UN LADO, (*secretario/a xeral*), maior de idade, no nome e representación da Universidade da Coruña, con CIF Q-6550005-J e con domicilio na rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña, segundo os poderes que lle foron conferidos.

A partir de agora, O RESPONSABLE DO TRATAMENTO ou O RESPONSABLE.

E POR OUTRO LADO,, maior de idade, en nome e representación de, con CIF e con domicilio para os efectos deste contrato en, segundo os poderes que lle foron conferidos.

A partir de agora, O ENCARGADO DO TRATAMENTO ou O ENCARGADO.

Recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para representar as súas respectivas entidades e asinar o presente contrato de encargo de tratamento dos datos persoais e para quedar obrigadas na representación con que respectivamente actúan e, por tanto,

EXPOÑEN

1º Que o Responsable, como RESPONSABLE DO TRATAMENTO dos ficheiros/actividades de tratamento de (*precise a actividade do tratamento e os datos tratados*), está interesado en obter un servizo de (*precise o servizo que vai realizar o encargado do tratamento*), para o cal necesita unha entidade externa que o preste como ENCARGADO DO TRATAMENTO.

2º Que o ENCARGADO DO TRATAMENTO é unha entidade que desenvolve unha actividade orientada a prestar os citados servizos e, á súa vez, está interesada en llos prestar ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

3º Que entre as partes existe unha relación contractual pola cal o ENCARGADO DO TRATAMENTO presta estes servizos a favor do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, que implican un tratamento dos ficheiros con datos persoais titularidade deste último (a partir de agora, os Servizos).

4º Que, co fin de cumprir o que está disposto no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación



destes datos (RXPDP), ambas as partes están interesadas en asinar o presente contrato de encargo de tratamento de datos persoais, o cal formalizan de común acordo, sobre a base das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do encargo de tratamento

Mediante as presentes cláusulas habilitase o Encargado para que actúe como ENCARGADO DO TRATAMENTO, para tratar por conta do Responsable, que actúa como RESPONSABLE DO TRATAMENTO, os datos de carácter persoal necesarios para prestar os Servizos.

SEGUNDA. Identificación da información afectada

Para a execución das prestacións derivadas de cumprir o obxecto deste encargo, o RESPONSABLE DO TRATAMENTO pon a disposición do Encargado do Tratamento a información que se detallará nos seguintes puntos: (*enumere aquí os tipos de datos entregados ao encargado do tratamento*).

TERCEIRA. Duración do acordo

O presente acordo entra en vigor na data da súa sinatura e terá a duración dun ano. Así mesmo, este contrato perderá a súa validez no momento en que cese a prestación dos mencionados servizos por calquera outra causa.

Unha vez finalizado o presente contrato, o ENCARGADO DE TRATAMENTO débelle devolver ao responsable tanto os datos persoais como calquera documento e/ou soporte ao que tivera acceso. Tamén debe suprimir, coas garantías adecuadas, calquera copia que obre no seu poder.

CUARTA. Obrigas do encargado de tratamento

Tanto o ENCARGADO DE TRATAMENTO como todo o seu persoal obríganse a:

- a) Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- b) Tratar os datos segundo as instrucións do RESPONSABLE DO TRATAMENTO. Se o ENCARGADO DE TRATAMENTO considera que algunha das instrucións vulnera o Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), a Lei orgánica de protección de datos, calquera disposición en materia de protección de datos da Unión, ou dos estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable. En caso de non ter clara algunha instrución do responsable sobre o modo en que ha de actuar o encargado respecto aos datos de carácter persoal aos que teña acceso, antes de realizar ningún tratamento dos datos, deberase poñer en contacto co responsable do tratamento e aclarar a situación.



c) Levar por escrito un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que presente o seguinte contido:

- O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, se o caso, do representante do responsable ou do encargado e, se é o caso, do delegado de protección de datos.
- As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
- De ser o caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación dese terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RXPd, a documentación de garantías adecuadas.
- Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade, como mínimo, relativas a:
 - A pseudonimización e cifrado dos datos persoais.
 - A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos.
 - A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento. Para os efectos de poder comprobar que o encargado do tratamento contratado ofrece garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento sexa conforme cos requisitos do Regulamento europeo de protección de datos e garanta a protección dos dereitos da persoa interesada, o responsable do tratamento poderalle requirir ao encargado do tratamento información sobre tales medidas, tanto antes de contratar como durante a prestación de servizos. Así mesmo, se o responsable do tratamento o considerase oportuno, poderá auditar os sistemas e soportes en que consten os datos de carácter persoal obxecto de tratamento.

d) Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa e por escrito do responsable de tratamento naqueles supostos legalmente admisibles.

e) O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade –denominación social, CIF e enderezo– a que se deben comunicar os datos, os datos que se comunicarán e as medidas de seguridade que se van aplicar para proceder á comunicación –logo da análise do risco da citada comunicación e do tipo de datos de carácter persoal obxecto de transmisión– .

f) Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, de acordo co Dereito da Unión ou dos estados membros que lle resulte aplicable, informará o responsable desa esixencia legal de maneira previa, salvo que en tal dereito se prohiba por razóns importantes de interese.

g) No que respecta á transferencia internacional de datos, o encargado do tratamento deberalle notificar ao responsable do tratamento, e acreditar por escrito, o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente en protección de datos antes de proceder á transferencia e asegurarse de que a entidade que reciba os datos outorgará



a mesma seguridade e cumprirá con todos os requisitos esixidos polo Regulamento europeo de protección de datos.

h) Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal.

i) Garantir que as persoas que se encontren autorizadas para tratar os datos persoais obxecto do tratamento, se comprometan de forma expresa e por escrito a gardar e manter a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade aplicables. Así mesmo, deberá garantir a formación correspondente en materia de protección de datos persoais ás persoas autorizadas para o tratamento.

l) Apoiar o responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando proceda.

m) Apoiar o responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

n) Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para realizar as auditorías ou as inspeccións que leven a cabo o responsable ou outro auditor autorizado por el.

QUINTA. Prohibición/autorización de subcontratación

O ENCARGADO DO TRATAMENTO non poderá subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o funcionamento normal dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberáselle comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación dun mes, e indicar de forma clara e concisa todos e cada un dos tratamentos que se pretende subcontratar e identificar de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto: denominación social, CIF, enderezo e obxecto social. A subcontratación poderase levar a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigas establecidas neste contrato para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Correspóndelle ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo subencargado quede suxeito ás novas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el no referente ao tratamento adecuado dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. En caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o Responsable no referente ao cumprimento das obrigas.

SEXTA. Exercicio dos dereitos

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o encargado do tratamento, este debeo comunicar a través do correo electrónico que utilice habitualmente coa persoa de contacto do Responsable. Esta comunicación débese facer de forma inmediata, en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude,



conxuntamente, de ser o caso, con outras confirmacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

SÉPTIMA. Dereito de información

Correspóndelle ao responsable facilitar o dereito de información no momento de recoller os datos.

OITAVA. Notificación de violacións da seguridade dos datos

O ENCARGADO DO TRATAMENTO notificaralle ao responsable do tratamento, sen dilación e, en calquera caso antes do prazo máximo de 48 horas, a través de correo electrónico utilizado como medio de comunicación entre ambas as partes, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Considérase «violación da seguridade de datos persoais» toda violación da seguridade que ocasione a destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita dos datos persoais transmitidos, conservados ou tratados doutra forma, ou a comunicación ou o acceso non autorizados a ese datos, segundo o disposto no Regulamento europeo de protección de datos e na Lei orgánica de protección de datos.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que esa violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se está dispoñible facilitarase, como mínimo e por escrito, a información seguinte:

1. Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, incluídos, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
2. O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos, de ser o caso, ou doutro punto de contacto en que se poida obter máis información.
3. Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
4. Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

NOVENA. Implementación das medidas de seguridade

O ENCARGADO DO TRATAMENTO deberá implantar as medidas de seguridade seguintes, necesarias para manter a confidencialidade e integridade dos ficheiros mentres se encontren almacenados ou sexan transmitidos a través dos sistemas, equipos e dispositivos do ENCARGADO DO TRATAMENTO.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO garante o control efectivo do acceso e uso de calquera identificación de usuario e claves de acceso aos sistemas que estean a



disposición do ENCARGADO DO TRATAMENTO para os únicos efectos de prestar os Servizos.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO comprométese a custodiar a información que lle sexa proporcionada coas debidas condicións de seguridade e protección contra terceiras persoas e dentro das normas de seguridade existentes. O ENCARGADO DO TRATAMENTO obrígase a aplicarlles aos ficheiros as normas de seguridade esixidas polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

En ningún caso, estes datos poderán ser copiados nin reproducidos a ningún outro soporte nin ordenador distinto do que albergase legalmente o ficheiro que os conteña, segundo conste na oportuna inscrición no Rexistro da Axencia de Protección de Datos e/ou no Rexistro Interno de Actividades de Tratamento.

Cabe excluír do parágrafo anterior as copias de seguridade (de *Backup*) ou de mantemento necesarias para a conservación correcta dos datos, así como as necesarias para o traslado ou comunicación autorizada dos datos, as cales, en todo caso, se realizarán de acordo co establecido para estas actividades no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica (ENS).

Non obstante, deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, de ser o caso.

DÉCIMA. Destino dos datos

O ENCARGADO DO TRATAMENTO deberalle devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, de ser o caso, os soportes onde consten unha vez concluída a prestación. Borrar a totalidade dos datos existentes nos equipos informáticos que utilizara o encargado, ou ben destruír os datos, unha vez se cumprise a prestación por plena elección do Responsable. Unha vez que sexan destruídos, o ENCARGADO DO TRATAMENTO, mediante unha persoa apoderada, deberá certificar a súa destrución por escrito e entregarlle o certificado ao responsable de tratamento.

Sen prexuízo do anterior, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación e/ou en cumprimento das obrigas impostas pola lei.

DÉCIMO PRIMEIRA. Responsabilidades do encargado de tratamento

O ENCARGADO DE TRATAMENTO garantirá o cumprimento íntegro das obrigas anteriores de confidencialidade e custodia. Así mesmo, no caso de que o ENCARGADO DO TRATAMENTO, actuando como tal, destine os datos a outra



finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do presente contrato, será considerado tamén RESPONSABLE DO TRATAMENTO e responderá directamente das infraccións en que incorrese.

DÉCIMO SEGUNDA. Obrigas do responsable do tratamento

Correspóndenlle ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO as seguintes obrigas:

- a) Entregarlle ao encargado os datos a que se refire a cláusula 2 deste documento.
- b) Realizar unha avaliación de impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento que realizará o encargado, de ser o caso.
- c) Realizar as consultas previas que corresponda.
- d) Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RXPD por parte do encargado; e
- e) Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

DÉCIMO TERCEIRA. Notificacións

Calquera notificación que se efectúe entre as partes farase por escrito e será entregada persoalmente ou de calquera outra forma que certifique a recepción pola parte notificada, igual que o/s cambio/s de domicilio dunha das partes, que lle deberá ser notificado á outra de forma inmediata e por un medio que garanta a recepción da mensaxe. Para levar a cabo as comunicacións necesarias ao longo da vixencia do presente contrato establécense as persoas e os enderezos que se indican no seu encabezado.

DÉCIMO CUARTA. Cláusulas xerais

A non esixencia por unha das partes de calquera dos seus dereitos de conformidade co presente contrato non implica unha renuncia a tales dereitos no futuro. A relación xurídica de tratamento dos datos que se constitúe entre as partes réxese por este único contrato. Este contrato, por tanto, é o único válido existente entre as partes en materia de tratamento dos datos persoais e substitúe calquera tipo de acordo ou compromiso anterior acerca do mesmo obxecto, xa sexa escrito ou verbal, e só poderá ser modificado por un acordo asinado por ambas as partes.

Se se demostra que algunha estipulación deste contrato é nula, ilegal ou inesixible, a validez, legalidade e esixibilidade do resto das estipulacións non se verán afectadas ou prexudicadas por aquela.

O presente contrato e as relacións entre o RESPONSABLE DO TRATAMENTO e o ENCARGADO DO TRATAMENTO non constitúen en ningún caso sociedade, entidade conxunta, axenda nin contrato de traballo entre as partes.

Os encabezamentos das distintas cláusulas son só para efectos informativos, e non afectarán, cualificarán ou ampliarán a interpretación deste contrato.

DÉCIMO QUINTA. Lexislación aplicable e tribunais competentes



No previsto neste contrato, así como na interpretación e resolución dos conflitos que puidesen xurdir entre as partes como consecuencia del, será de aplicación a lexislación española e da Unión Europea.

Para resolver calquera controversia que se poida derivar do presente contrato, ambas as partes someteranse ao procedemento administrativo e á xurisdición dos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

E en proba de conformidade co anteriormente estipulado, ambas as partes asinan o presente contrato (*engadirase “por duplicado no lugar e data que se indican no encabezamento” se o contrato é asinado en papel*).

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

ENCARGADO DE TRATAMENTO

Asdo.

Asdo.



ANEXO V: Modelo de cláusulas de protección de datos en convocatorias que tramite a UDC

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é *(indique aquí a finalidade concreta)*. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Cláusula que se incluírá só se está previsto que a UDC leve a cabo un encargo de tratamento dos datos persoais, para a prestación de servizos derivados da actividade propia desta convocatoria:

Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, de acordo co contrato ou convenio coa UDC, sexan designadas como encargadas do tratamento de datos persoais para prestar servizos ... (indique aquí os servizos que levará a cabo o encargo do tratamento). Estas persoas externas á UDC só poderán recibir e utilizar os seus datos coas finalidades específicas para as que foron designadas, e terán a condición de encargados de tratamento dos datos persoais.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros... *(determine aquí o prazo que permanecerá a publicación da convocatoria en acceso libre, sendo responsabilidade do suxeito convocante retirar tal resolución despois de vencido o prazo)*.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Unha vez finalizada a relación de prestación do servizo, os datos serán bloqueados e permanecerán almacenados ...*(fixar un prazo (v.gr. 6 anos), ou establecer os criterios de conservación)*, sen prexuízo da posibilidade de exercitar en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.



A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO VI: Modelo de cláusulas de protección de datos en convenios asinados pola UDC

(Cláusulas para convenios con España e con países da Unión Europea e Liechtenstein, Islandia e Noruega, e para convenios con outros países declarados pola Comisión Europea como países con nivel adecuado en materia de protección de datos persoais)

As partes asinantes manifestan que coñecen e que cumprirán as estipulacións relativas á protección de datos persoais establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD) *(cando o convenio é cunha entidade española, pódese engadir e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais)*.

As partes comprométese a respectar o deber de confidencialidade en relación cos datos persoais que sexan manexados no exercicio das competencias derivadas deste acordo. Comprométese, así mesmo, a limitar na medida do posible o acceso dos seus empregados aos datos de carácter persoal e a establecer as medidas de seguridade eficaces para garantir este deber de confidencialidade.

As partes comprométese a tratar os datos persoais exclusivamente para a finalidade prevista neste convenio.

As partes comprométese a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal. Non obstante, os datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, de acordo co contrato ou convenio con algunha das partes, sexan designadas como encargados de tratamento de datos persoais para prestar servizos ... *(indique aquí os servizos que levará a cabo o posible encargado do tratamento que trate os datos para algunha das dúas partes asinantes do convenio)*. Estas persoas externas ás partes só poderán recibir e utilizar os seus datos coas finalidades específicas para as que foron designadas, e terán a condición de encargados de tratamento dos datos persoais.

As persoas interesadas terán dereito a solicitar a *(indique aquí ante que parte se pode solicitar o exercicio dos dereitos; preferentemente, debe ser a parte que teña a condición de responsable do tratamento dos datos)*, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Os datos deberán ser destruídos ou devoltos, segundo o criterio da entidade titular dos datos, unha vez finalizada a vixencia deste convenio e rematada a relación entre as partes, sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal de certos datos.



ANEXO VII: Modelo de cláusulas de protección de datos nos pregos de cláusulas administrativas particulares en procedementos de contratación desenvolvidos na UDC

CLÁUSULA SOBRE O DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato á cal se tivese outorgado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal; resulta de aplicación especialmente o deber de confidencialidade previsto no artigo 133 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Este deber manterase no prazo establecido no cadro de características.

Non se poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes teñan designada como confidencial, se así fose acordado polo órgano de contratación. Para estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres, conforme ao anexo ..., a relación de documentación para a que propoñan ese carácter confidencial e fundamentar o motivo dese carácter. A presentación deste anexo é obrigatoria.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que puidesen ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da súa finalización.

O adxudicatario deberá formar e informar o seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo. A empresa adxudicataria responderá persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir.

O adxudicatario e o seu persoal, durante a execución do contrato, estarán suxeitos ao cumprimento estrito dos documentos de seguridade das dependencias universitarias en que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberá respectarse na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP) e o artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

En concreto, de acordo co expresado na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no artigo 28 do RGPD e no artigo 33 da LOPD, non se considerará comunicación nin cesión de datos o acceso do contratista aos datos de carácter persoal dos ficheiros da Universidade da Coruña («responsable do tratamento») xa que ese acceso, e o correspondente tratamento, é necesario para realizar a prestación do servizo contratado.

Por isto e para os efectos de normativa de protección de datos, o contratista será considerado como «encargado do tratamento» dos ficheiros da Universidade da Coruña e, de acordo con iso, establécese expresamente que o contratista unicamente



tratará os datos conforme ás instrucións documentadas da Universidade da Coruña, expresadas no presente contrato, que non os aplicará nin utilizará con fin distinto ao que figura no pactado entre as partes. Os tipos de datos persoais que se tratarán e as categorías de interesados titulares destes concretaranse no contrato que se asine co contratista adxudicatario.

O contratista comprométese a adoptar e implantar as medidas técnicas e organizativas de seguridade necesarias a que se refire o artigo 32 do RXPd e, en particular, as aplicables do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, así como as especificadas na documentación da Universidade da Coruña, para os datos e ficheiros obxecto deste tratamento, e a notificarlle as súas violacións de seguridade.

O contratista porá a disposición da Universidade da Coruña toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou doutro auditor autorizado.

O contratista daralle a coñecer e esixiralle, ao persoal da súa entidade que realice os servizos, que cumpra as obrigas contidas neste contrato. De calquera modo, o contratista deberá advertir os empregados do carácter confidencial da información contida nos ficheiros e da súa responsabilidade en caso de a divulgar ilícitamente e garantirá o seu compromiso ou obriga estatutaria ao respecto.

O contratista non poderá subcontratar nun terceiro a prestación da totalidade ou de parte dos servizos descritos no presente contrato, salvo que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o tratamento fose especificado no contrato asinado pola Universidade da Coruña e o contratista, coa designación concreta do subcontratista e dos servizos concretos que subcontrate.
- b) Que o tratamento de datos de carácter persoal se axuste ás instrucións do responsable do tratamento.
- c) Que o contratista e o terceiro formalicen o contrato nos termos previstos nos apartados 2 e 4 do artigo 28 do RXPd e no artigo 33 da LOPD e que o contratista garanta o seu pleno cumprimento legal, baixo a súa propia responsabilidade.

En caso de se cumprir estes requisitos, o terceiro terá tamén a consideración de encargado do tratamento.

Unha vez que cumpra a prestación de servizos pactada, e cando xa non sexan necesarios para continuar co encargo realizado, os datos de carácter persoal serán destruídos ou devoltos polo contratista ao responsable do tratamento ou ao encargado de tratamento que este designara, por elección deste último, igual que calquera soporte ou documentación en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento, salvo obrigas legais de conservación ou posibles responsabilidades derivadas da súa relación contractual, só durante os prazos aplicables e cos datos debidamente bloqueados.